



	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos		X	X							X	X	
Zonas: zona A (O Regueiriño do torto), zona B (pedras do Costado, O Lombo, O Callao), zona C (O Peixiño, Os Petóns e A Balea)												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

PROPOSTA DE AMPLIACIÓN: No plan de explotación para o ano 2008 a entidade solicitou ampliar en 6 as embarcacións e en 13 as habilitacións, cuxa valoración se condicionou á presentación dunha avaliación do recurso, que sen embargo non foi presentada. Para o ano 2009, solicítase unha ampliación de 10 novas embarcacións e 31 habilitacións, xa que así se cubriría a demanda de totas embarcacións de A Guarda que carecen de permiso de percebe a flote e das embarcacións do plan que só teñen unha praza con dereito a cupo.

Tal petición, supón un incremento dun 124% se consideramos as prazas cubertas no plan. A participación media nos últimos 8 anos é de 9 embarcacións e 13 tripulantes fronte a 22 barcos e 36 tripulantes autorizados.

Por outra banda, a análise da evolución do plan de anos anteriores non xustificaría a ampliación en 31 novos percebeiros, dado que a pesares de que o número de barcos coa modalidade de percebe no seu permiso diminuíu en 11 tripulantes (7 embarcacións) dende o ano 2001, a media de asistencia a pesqueiría tanto de barcos como tripulantes mantívose constante, de xeito que a pesar de reducirse as embarcacións non diminuíu o esforzo pesqueiro. Por outra banda a evolución das capturas totais nos últimos anos e os datos de captura por unidade de esforzo son bastante constantes, polo que o descenso no número de embarcacións e tripulantes non supuxo un incremento da explotación que permitiría xustificar a existencia de recurso suficiente como para permitir a ampliación do número de permisos.

Neste caso, tendo en conta as recomendacións técnicas, os aspectos sociais e o esforzo medio real na pesqueiría e que no plan de explotación hai 9 embarcacións que só dispoñen dunha praza con dereito a cupo, estímase favorable a cobertura de 9 prazas (habilitacións).

No caso de que non se cubrisen na súa totalidade as 9 vacantes, non se considera motivado o acordo que consta no plan de non admitir novas embarcacións que teñan un só tripulante. O proceso de cobertura de vacantes realizarase segundo o establecido na Resolución de 09.10.2007 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se modifica o baremo aplicable para acceso á explotación dos recursos específicos aprobado por Resolución de 16.09.2007



DÍAS MÁXIMOS AUTORIZADOS: Co fin de adaptar os días autorizados aos traballados en anos anteriores, redúcense a 100 días

APERTURAS:Tendo en conta as características da zona de traballo, acéptase que nas resolucións de apertura dos meses de xuño a setembro se podan incluír zonas principias e de reserva (A, D), sempre e cando o INTECMAR informe favorablemente e o cambio da zona de traballo sexa comunicado á delegación territorial.

Segundo o informe técnico a pesares de que os traballos de acondicionamento aparecen no plan dende o ano 2007, nunca se levaron a cabo, só algúns rareos que non tiveron continuidade. A autorización para a realización das actividades de limpeza e rareos de percebe alongado requirirá de que se especifiquen as zonas a rexenerar, un calendario de actuacións e detallar a organización dos traballos, os participantes e o destino do percebe.

Acéptase que os descartes de percebe resultado de limpeza e rareos se comercialicen polo sistema de monte maior en centros autorizados polo sistema de venda conxunta, sen embargo deberá cumprirse a normativa vixente en canto a extracción e comercialización de produtos pesqueiros, é dicir respectar as tallas mínimas legais, os días e horarios laborais e os topes de captura (excepto que o/a biólogo/a de zona informe favorablemente a extracción resultante do traballo sen tope de captura).

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

A pesares do acordo do colectivo de que mentres se realice a extracción nas pedras ninguén pode contar coa axuda de persoas sen habilitación que queden na embarcación limpando as capturas, non se poderá impedir a realización de labores complementarias da actividade de extracción (limpezas) a tripulantes enrolados na embarcación que non teñan habilitación para a extracción de percebe.

(1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...,

(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo

(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire

(4): Indicar en negrita o que corresponda

(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15...

(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día....

(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos

(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente

(9): Este apartado corresponderalle cubriilo á administración